

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 05 de setembro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO QUINTO. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE MELLORA DA MOBILIDADE NO POLÍGONO INDUSTRIAL NOVO MILLADOIRO. SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA A HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA. ANO 2024 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO IN519B). EXPEDIENTE GD 11460/2024

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 01.08.2024 aprobou o expediente de licitación das obras de mellora da mobilidade no polígono industrial Novo Milladoiro, mediante procedemento aberto simplificado.

O expediente foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público o 01.08.2024 rematando o prazo de presentación de proposicións o 21.08.2024.

Mediante decreto de avogación de competencias por parte da Alcaldía, decreto 2647/2024, de data 29.08.2024 acordouse a clasificación de ofertas por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

EMPRESA	CIF	OFERTA ECON SEN IVE. >100	PUNTUACIÓN OFERTA ECON.	REDUCIÓN PRAZO >20	PUNTUACIÓN REDUCIÓN PRAZO	PUNTUACIÓN TOTAL
MARTINEZ MONTES HIJOS, S.L. E	B15025372	141.200,00	12,41	30 días	20	32,41
COSMALCA SL	B15121783	142.233,29	9,10	30 días	20	29,10
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	A15146608	143.451,81	5,18	30 días	20	25,18

O acordo de clasificación foi notificado tanto a empresa clasificada en primeiro lugar como aos restantes licitadores que formularon proposta, e publicado na PCSP.

*Unha vez presentada en prazo a documentación requirida ao licitador clasificado en primeiro lugar e segundo o establecido no artigo 150 da Lei de Contratos do Sector Público, a Mesa de Contratación en sesión celebrada o 04.09.2024 propuxo ao órgano de contratación a adxudicación da obra de mellora da mobilidade no polígono industrial Novo Milladoiro á empresa **Martínez Montes e Hijos SL** con CIF: B15025372.*

Figura no expediente, informe favorable de fiscalización da adxunta á Intervención municipal (informe AI 160/2024 do 04.09.2024) [CSV:15220IDOC2DFCEAD7CFA10BA4EB7](#).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1983/2023, BOP 120 do 26.06.2023), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Adxudicar á empresa **Martínez Montes e Hijos SL** con CIF: B15025372, a realización das obras de mellora da mobilidade no polígono industrial Novo Milladoiro, nas condicións que a continuación se indican, tendo en conta a oferta da empresa adxudicataria e as condicións establecidas nos pregos de licitación, tanto pregos administrativos como técnicos:

1. Oferta económica:

EMPRESA	OFERTA	IVE (21%)	TOTAL
MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	141.200,00 €	29.652,00 €	170.852,00 €

2. Duración do contrato: A duración inicial do contrato será de **2 meses (tendo en conta a redución do prazo de execución ofertado pola contratista)**, a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do reformulo salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

3. Condición especial de execución: Deberá acreditar antes de presentar a derradeira certificación de obra, o cumprimento da condición especial de execución presentada na oferta que é: "Co fin de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa."

O incumprimento desta condición especial de execución considerárase incumprimento de obrigações esencial, e en consecuencia o órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar.

4. Nomear como **director facultativo da obra ao arquitecto redactor do proxecto Pablo Blanco Ferreiro, e como **coordinador de seguridade e saúde** ao técnico superior en prevención de riscos laborais Ignacio José Alonso Díaz, ambos de Estudio Técnico Gallego SA.**

5. Representante do órgano xestor: Esteban de la Fuente Rodríguez, arquitecto técnico do Concello de Ames, que actuará como representante do órgano xestor e dará conformidade ás certificacións de obra.

6. O/A Interventor/a Xeral asistirá, persoalmente ou a través de delegación expresa conferida á recepción da obra. Para elo deberá producirse a correspondente comunicación polo responsable do órgano xestor cunha antelación mínima de 10 días hábiles, respecto do proposto para a recepción das obras, co obxecto de que se dispoña de tempo suficiente para a adecuada organización e programación do traballo.

7. Dentro dos 15 días naturais seguintes ó da sinatura do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o Programa de Traballo, o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Residuos Específico e a relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra que se vai realizar.

8. Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo. Dispoñer o gasto para a citada contratación por importe de **170.852,00 €**, IVE incluído, con cargo á aplicación 134.60900 do orzamento municipal (Cod. Proxecto 2024/2/PROX/15/1).

Terceiro. Notificar a **Martínez Montes e Hijos SL** con CIF: B15025372, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citarlle para a sinatura do contrato nas condicións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. A formalización do contrato en documento

administrativo efectuarase non máis tarde dos quinze días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación. Faise constar que o contrato perfecciónase coa súa formalización. A notificación será realizada por medios electrónicos contendo a información indicada no art. 151.2 da LCSP (art. 151.3 e DA 15ª da LCSP).

Cuarto. Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado.

Quinto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sexto. Facultar ó alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de tramiten sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 05.09.2024, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo